



JAL/Alm

Ante as consultas suscitadas pola redacción do punto 5.4 da circular 14/2006, da dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan as instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas de educación para persoas adultas no curso 2006/2007, parece conveniente facer as seguintes aclaracións:

O parágrafo seguinte:

“O Alumnado procedente da ESO, para matricularse nas ensinanzas de adultos, no caso de ter unha ou dúas materias sen superar dun curso, poderá optar por:

- a) Matricularse do curso completo, neste caso tería que matricularse en todos os ámbitos do módulo ao que é equivalente o curso realizado.*
- b) Matricularse por ámbito ou ámbitos das ensinanzas de adultos. Para este caso consideráranse superados o ámbito ou ámbitos que non teñan correspondencia coas materias non superadas e podería matricularse nos ámbitos do módulo seguinte ao que é equivalente o curso realizado. Así mesmo deberá cursar o ámbito ou ámbitos completos do módulo no que esta incluída algunha materia sen superar segundo a correspondencia establecida no anexo III”.*

debe entenderse nos seguintes termos:

1. Alumnado procedente da ESO que cursara estudos dese nivel con anterioridade ao curso 2004/2005 e que teña algunhas materias pendentes: considerarase o curso superado se foi promocionado de curso, sempre e cando non o fose por imperativo legal, seguindo os criterios de avaliación e promoción anteriores á publicación da Orde de 30 de setembro de 2004 sobre avaliación, promoción e titulación na educación secundaria obrigatoria como consecuencia do disposto no Real decreto 1318/2004, do 28 de maio, DOG do 22 de outubro.



2. Alumnado procedente da ESO que cursara estudos dese nivel a partir do curso 2004/2005: no caso de ter unha ou dúas materias sen superar do último ano cursado, para matricularse nas ensinanzas de adultos, poderá optar por:

- a) Matricularse do curso completo do que ten unha ou dúas materias pendentes. Neste caso tería que matricularse en todos os ámbitos do módulo ao que é equivalente o curso realizado. Así, por exemplo, unha persoa que teña dúas materias pendentes de 3º curso da ESO poderá optar por cursar o módulo 3 de todos os ámbitos de coñecemento da Educación Secundaria para adultos.
- b) Matricularse só daqueles ámbitos que non ten superados, despois de aplicar o cadro de equivalencias que figura como anexo III desta circular. Cando o alumno teña superadas as materias que se integran nun ámbito, non terá que matricularse do ámbito correspondente. Cando, pola contra, o alumno teña sen superar algunha materia das que se integran nun ámbito, deberá matricularse dese ámbito completo. Así, por exemplo, se un alumno ten sen superar as materias de Lingua castelá e Matemáticas de 3º da ESO, daránselles por superados os ámbitos de Sociedade e Natureza, e deberá cursar o Matemático-Tecnolóxico e o Lingüístico.

Santiago de Compostela, quince de setembro de 2006

O XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E EDUCACIÓN DE ADULTOS

Asdo. José Alejo Losada Aldrey

SRES./SRAS. DIRECTORES/AS DOS CENTROS EPA E DOS IES CON ENSINANZAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA ADULTOS.